



IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

Carballada de Avia

O Pleno deste concello, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 25 de decembro de 2020, aprobou a Ordenanza municipal reguladora da xestión de biomasa e distancias das plantacións para a prevención e defensa contra os incendios forestais deste concello. Unha vez aprobada definitivamente a dita ordenanza, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, faise público o devandito acordo e o texto íntegro da dita ordenanza.

“Aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do concello

O concelleiro delegado de Prevención e Extinción de Incendios, González Doval, informa aos asistentes acerca da ordenanza a que se refire a epígrafe, hai unha lei de Galicia que establece as distancias e condicións das plantacións, e os responsables son os titulares ou usuarios dos terreos afectados, que teñen que mantelos limpos, e os traballos de limpeza teñen que estar rematados antes do 31 de maio de cada ano.

Hai terreos privados lindeiros que se rexen polo Código civil.

Son responsables os titulares de predios incluídos en solo urbano, urbanizable, delimitado ou de núcleo rural; a finalidade desta ordenanza é disuadir aos veciños para que non cometan infraccións.

Por non haber intervencións, o Pleno por unanimidade acorda aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do concello e expoñela ao público durante o prazo dun mes. A dita ordenanza quedará definitivamente aprobada no caso de que non se presenten reclamacións”

Ordenanza municipal reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións para a prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Carballada de Avia

Exposición de motivos

A xestión da biomasa nas faixas secundarias converteuse nun grave problema nos últimos anos. Debido ao abandono do rural, a conseguinte proliferación da biomasa e ao aumento da virulencia dos incendios forestais; tórnase máis importante ca nunca unha correcta limpeza e xestión da biomasa do núcleo urbano e arredores, das construcións illadas e das estradas municipais incluídas nas faixas secundarias. Por todo isto, é necesario a aprobación dunha ordenanza municipal que regule e proporcione ferramentas para poder cumprir co Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Carballada de Avia.

De conformidade coa potestade regulamentaria atribuída polos artigos 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local e 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, o Concello de Carballada de Avia por medio desta ordenanza, propón a regulación da xestión da biomasa e da distancia das plantacións no solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, no ámbito das súas competencias. Ten como obxectivo conseguir as axeitadas condicións de salubridade e seguridade para previr e evitar os incendios, protexendo destes ás infraestruturas e equipamentos sociais, as zonas edificadas e ás áreas forestais e naturais de valor especial.

Capítulo I.- Disposicións xerais

Artigo 1.- Fundamento

Esta ordenanza é de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia; na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios

forestais de Galicia; na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; no Decreto 28/1999, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística e na da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Artigo 2.- Finalidade

Esta ordenanza ten natureza non fiscal, e a súa finalidade é establecer as condicións para levar adiante a xestión da biomasa, a fixación das distancias para plantacións nos terreos clasificados como urbanos, de núcleo rural ou urbanizables e para a protección do dominio público viario no termo municipal de Carballada de Avia.

Artigo 3.- Ámbito de aplicación

Esta ordenanza é de obrigado cumprimento para as persoas responsables conforme ao definido no artigo 4, que teñan o seus terreos dentro do termo municipal de Carballada de Avia.

Conforme co disposto no artigo 4.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, esta ordenanza será de aplicación en todo o non previsto pola lexislación básica.

Artigo 4.- Persoas responsables

Para os efectos desta ordenanza, entenderase como persoas responsables ás persoas titulares ou, no seu caso, aos titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos urbanos, urbanizables delimitados e de núcleo rural; así como as administracións, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das formas previstas legalmente, das vías de comunicación e das liñas de transporte de enerxía eléctrica, sobre os tipos de solo referidos anteriormente.

Artigo 5.- Definicións

Para os efectos desta ordenanza, defínense os seguintes termos:

- Solo urbano: terreos que o planeamento urbanístico (Plan xeral ou normas subsidiarias de planeamento) defínese e clasifícase como tal en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 9/2002.
- Núcleos rurais: terreos que se incluían dentro dos núcleos rurais delimitados no planeamento municipal, de conformidade co disposto no artigo 13 da Lei 9/2002.
- Solo urbanizable delimitado: terreos que non tendo a condición de solo urbano, de núcleo rural nin de solo rústico, o planeamento urbanístico defínese e clasifícase como tal ao poder ser obxecto de transformación urbanística nos termos fixados no artigo 14 da antedita Lei 9/2002.
- Xestión da biomasa: a creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible, a través do control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendadas e coa intensidade e frecuencia para o cumprimento do obxecto previsto nesta ordenanza. Tendo en conta que os terreos situados en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable delimitado teñen unha natureza residencial ou habitacional, polo que os riscos para os bens e as persoas, por motivos de incendios de vexetación, deben minorarse drasticamente e debe primar a seguridade.
- Zona de dominio público: no art. 37.1 Lei 8/2013 denomínase como a zona integrada polos terreos ocupados por todos os elementos de dominio público viario adquiridos por título lexítimo pola administración titular.
- Zona de dominio público adxacente: no art. 37.2 da Lei 8/2013, denomínase como a parte da zona de dominio público formada polos terreos adxacentes ás estradas e aos seus elementos funcionais, adquiridos por título lexítimo pola adminis-

tración pero non ocupados directamente pola explanación da estrada ou dos seus elementos funcionais.

- Zona de servidume: no art. 39.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño de estradas de Galicia, establécense como zona de servidume das estradas municipais dúas faixas de terreo, unha a cada marxe da calzada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de dominio público e exteriormente por dúas liñas paralelas aos ditos límites; medidas horizontal e ortogonalmente a unha distancia de 2 metros.

- Zona de afección: no art. 40.1 b) da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establécense como zona de afección das estradas municipais dúas faixas de terreo, unha a cada marxe da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación e medidas horizontal e ortogonalmente a unha distancia de 30 metros.

Capítulo II. Da xestión da biomasa

Artigo 6.- Xestión da biomasa

As persoas responsables terán a obriga de xestionar a biomasa dos terreos incluídos en solo urbano, urbanizable delimitado ou de núcleo rural conforme aos criterios establecidos nesta ordenanza, así como mantelos nas debidas condicións de seguridade e salubridade, debendo proceder á súa desinfección e desratiación periódica. Así mesmo, co fin da protección do dominio público viario das estradas municipais, terán tamén a obriga de xestionar a biomasa nas zonas de protección das estradas de titularidade municipal, deixando libre de maleza a zona de servidume, e eliminando ata a zona de afección as especies arbóreas que supoñan un perigo para a seguridade viaria.

Artigo 7.- Criterios de xestión da biomasa

1- Consonte ao disposto na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as persoas responsables dos terreos localizados en solo urbano, urbanizable delimitado ou núcleo rural, deberán acometer os criterios de xestión da biomasa establecidos neste artigo para cada clase de terreo, en todo caso, antes do 31 de maio de cada ano, sen prexuízo das actuacións necesarias para manter os terreos nas debidas condicións ao longo do ano.

2- Nos terreos clasificados como solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado; as persoas responsables deberán facer a xestión da biomasa na totalidade da parcela conforme cos seguintes criterios:

a) Roza para a eliminación do estrato herbáceo e arbustivo sempre que supoña un mínimo risco para a propagación dos incendios incontrolados de vexetación. Permítese o estrato herbáceo verde cun valor medio de 20 centímetros de altura ou cun volume inferior a 2.000m³/ha.

b) Poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha discontinuidade horizontal entre as copas das árbores e vertical entre estas e os estratos herbáceo e arbustivo. Este criterio non será aplicable en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un mínimo risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.

c) Obrigación de ornato: os titulares de construcións ou terreos afectados por esta ordenanza, están obrigados a manter as súas propiedades en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, que garantan o adecuado funcionamento, e no seu caso realizarán os labores de conservación e rehabilitación que sexan oportunos.

3- Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais; será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no

artigo 21 ter da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, xestionar a biomasa vexetal nunha faixa de 50 metros respecto ao perímetro do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión de biomasa estipulados na Lei 3/2007, do 9 de abril, e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 50 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei, que se recollen no anexo I desta ordenanza. As distancias mediranse desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, de ser o caso. As distancias no caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións mediranse desde o seu paramento. No caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, mediranse desde o límite das instalacións.

No caso de cámpings, gasolineiras e industrias en que se desenvolvan actividades perigosas consonte co establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, as distancias para as especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, serán de 50 metros medidos desde o límite das instalacións. No caso dos cámpings, esta distancia medirase desde o peche do perímetro.

4- Nas parcelas que linden coas redes de estradas de titularidade municipais, tal como establece a Lei 8/2013, procederase á correcta xestión da biomasa e retirada do material arbóreo nas zonas de servidume e afección que supoñan risco, co fin de garantir a protección do dominio público viario e a debida prestación do servizo público viario.

5- Tal e como establece a disposición transitoria terceira da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, mentres non se definan as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, serán directamente aplicables as obrigas derivadas do disposto no artigo 21 da Lei, descritas no punto 3 deste artigo.

Artigo 8.- Execución subsidiaria.

Se as persoas responsables non realizan os traballos de xestión da biomasa nos prazos fixados polo concello, este poderá levar adiante os ditos traballos, logo do apercibimento previo en forma e sen prexuízo da imposición, logo da tramitación previa do oportuno expediente, das sancións procedentes.

Os custos derivados deses traballos serán repercutidos, se é o caso, ás persoas responsables, procedendo ao cobro dos gastos que se lle ocasionen ao concello a través do procedemento de constrinximento se fose necesario.

a) Procedemento administrativo para a esixencia do cumprimento do deber de xestión de biomasa:

1. Se as persoas responsables non realizan os traballos de xestión de biomasa de acordo co previsto, o concello, de oficio ou por solicitude de parte, iniciará un expediente administrativo para a esixencia do cumprimento da citada normativa.

2. O concello concederá un prazo de quince días naturais para realizar os deberes de xestión da biomasa, ademais concederá un prazo de audiencia aos responsables de dez días hábiles para a presentación das alegacións ou documentos que estimen pertinentes na defensa dos seus dereitos. Advertirase así mesmo, da posibilidade de execución subsidiaria no caso de incumprimento, e sen prexuízo da instrución de procedemento sancionador que corresponda e da aplicación de multas coercitivas, de ser o caso.



3. Unha vez transcorrido o prazo concedido sen que se leven a cabo os traballos ordenados, ditarase unha resolución de execución subsidiaria polo concello. Os custes derivados destes traballos serán repercutidos ás persoas responsables, e poderán ser esixidos polo procedemento de constrinximento e incluso compensados cos ingresos que se poidan obter da xestión de biomasa.

4. No caso de execución subsidiaria, as persoas responsables están obrigadas a facilitarlles os necesarios accesos ao concello para a realización dos traballos, que non requirirán de ningunha autorización.

b) Procedemento de execución subsidiaria no caso de propietario descoñecido.

1. Cando os datos do propietario dunha parcela con obrigas de xestión sexan descoñecidos ou incorrectos, realizarase un primeiro intento de notificación que, de non prosperar, a obriga de limpeza e xestión de biomasa será publicada no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, para os efectos de notificación ao interesado, e cos prazos e formas establecidos no punto 2 do apartado a) deste artigo 8., referenciando os datos catastrais da dita parcela.

2. Unha vez rematado ese prazo, entenderase como notificado o titular, e o concello procederá, mediante instrución do expediente correspondente, á realización dos traballos de execución subsidiaria para a xestión de biomasa. O concello reservase a facultade de executalo con medios propios ou alleos mediante contratación.

3. Os custes dos traballos de xestión de biomasa rexistraranse no correspondente expediente mediante informe municipal ou facturación, e permanecerán no dito expediente ata que a titularidade sexa reclamada polo seu propietario ou persoa con dereito de titularidade sobre o terreo. Os beneficios económicos que poidan ocasionar os ditos traballos poderán ser utilizados para sufragar os custes de execución.

c) Procedemento de execución subsidiaria no caso de perigo potencial por incendio ou en caso de emerxencia.

1. O concello reservarase a potestade de proceder á tramitación e execución subsidiaria por urxencia, no caso que exista perigo potencial de que esa parcela supoña grave risco para propagar un incendio forestal. En todo caso, en parcelas que unha vez rematado o prazo de limpeza e xestión de biomasa fixado pola lexislación autonómica ou estatal, non cumpran as distancias e criterios de biomasa e arborado establecidos nesta e outras normativas superiores. A instrución será sempre motivada e en época de alto risco de incendio decretada pola Administración autonómica.

2. Este apartado persegue o obxectivo de salvagardar a integridade das persoas e os seus bens no caso de que estean en situación de grave risco de afección por incendios forestais.

Capítulo III Das distancias das plantacións

Artigo 9.- Prohibicións e distancias das repoboacións forestais e plantacións.

1- De conformidade co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, quedan prohibidas as repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable delimitado e de núcleo rural.

2- No seu caso, as repoboacións forestais preexistentes antes da entrada en vigor da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, deberán adecuarse para gardar respecto das edificacións, vivendas illadas, pozos, e instalacións industriais, a distancia mínima de 4 metros cando se trate de especies frondosas. (Anexo II desta ordenanza) sempre que a copa non invada a vertical da parcela lindeira; e 50 metros para as especies do anexo I.

3- Para especies arbóreas de xeración espontánea, sempre que non sexan das catalogadas no anexo I desta ordenanza, a distancia mínima en caso de non haber lexislación posterior máis restritiva será de 4 metros con respecto a cultivos de labradío, viñado e parcelas en xeral localizadas en solo urbano, urbanizable delimitado e solo de núcleo rural; sempre e cando a copa da árbore non invada a vertical da parcela lindeira.

4- Poderán conservarse as árbores e especies sinaladas no anexo I en calquera clase de terreos incluídos nas redes primarias e secundarias de xestión de biomasa en caso de tratarse de árbores senlleiras ou que cumpran funcións ornamentais, que se sitúen en zonas recreativas (sempre que se manteña unha descontinuidade horizontal e vertical do combustible) ou se atopen illados e non supoñan risco para a propagación de incendios forestais.

Artigo 10.- Licenzas e permisos para talas

As talas e os abatementos de árbores que constituían masa arbórea, espazo boscoso, arboredo ou parque en solo urbano, núcleo rural e urbanizable delimitado estarán suxeitos á tramitación da autorización de corta no organismo competente e á solicitude de licenza municipal de ser o caso.

Capítulo IV: Réxime sancionador

Artigo 11.- Competencia

Corresponde ao Concello de Carballeda de Avia a través da Alcaldía, concellería delegada ou técnico municipal no que se delegue, a inspección e sanción das infraccións, logo da instrución do correspondente expediente, das obrigas reguladas nesta ordenanza.

Cando se detecten infraccións de índole penal ou de competencia doutras administracións darase conta inmediata destas á autoridade ou organismo que corresponda.

Artigo 12.- Clasificación das infraccións

Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire esta ordenanza, os actos u omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 13.- Infraccións leves

a) Condutas constitutivas de infracción reguladas nesta ordenanza cando non deban cualificarse como graves ou moi graves.

b) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios regulados nesta ordenanza.

c) Non cumprir cos requirimentos ditados polo concello.

Artigo 14.- Infraccións graves

a) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios establecidos nesta ordenanza, unha vez notificada a súa obriga e despois de serlle notificada a valoración do seu custo, cando exista risco inminente de incendio para vivendas e persoas.

b) Non permitir o acceso ao persoal de vixilancia para a inspección dos terreos.

c) A negativa a subministrar información á autoridade municipal, funcionarios e axentes en cumprimento das súas funcións.

d) A realización de plantacións sen gardar as distancias establecidas nesta ordenanza.

e) A realización de plantacións nos lugares expresamente prohibidos nesta ordenanza.

f) A reincidencia en infraccións leves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción leve, cando así fose declarado por resolución firme.

Artigo 15.- Infraccións moi graves

a) Cando houbese grave repercusión nos recursos naturais.

b) A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción grave, cando así fose declarado por resolución firme.



c) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e axentes.

Artigo 16.- Sancións

1. As sancións aplicables serán as seguintes:

- a) Por infraccións leves, multa dende 50 a 100 euros.
- b) Por infraccións graves, multa dende 101 a 600 euros.
- c) Por infraccións moi graves, multa de 601 a 1.500 euros.

2. As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:

- a) Grao de intencionalidade.
- b) Contía do beneficio obtido.
- c) Natureza dos prexuízos causados.

Disposición adicional

Como anexo I a esta ordenanza inclúese a relación de especies non permitidas nas redes secundarias de xestión de biomasa, recollidas da disposición adicional 3ª da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e como anexo II, a relación de especies de frondosas, recollidas do anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Anexo I

Relación de especies para os efectos de xestión de biomasa vexetal, non permitidas nas situacións descritas nesta ordenanza.

Piñeiro galego: *Pinus pinaster*
 Piñeiro silvestre: *Pinus sylvestris*
 Piñeiro de Monterrei: *Pinus radiata*
 Piñeiro de Oregón: *Pseudotsuga menziesii*
 Mimosa: *Acacia dealbata*
 Acacia negra: *Acacia melanoxylum*
 Eucalipto: *Eucalyptus* sp.
 Queiruga: *Calluna vulgaris*
 Carqueixa: *Chamaespartium tridentatum*
 Xesta: *Cytisus* sp.
 Uz: *Erica* sp.
 Piorno: *Genista* sp.
 Fento: *Pteridium aquilinum*
 Silva: *Rubus* sp.
 Toxo: *Ulex* sp.

En todo caso, poderán conservarse as árbores e especies sinaladas neste anexo I en calquera clase de terreos incluídos nas redes primarias e secundarias de xestión de biomasa cando se trate de árbores senlleiras ou que cumpran funcións ornamentais, que se sitúen en zonas recreativas (sempre que se manteña unha discontinuidade horizontal e vertical do combustible) ou se atopen illados e non supoñan risco para a propagación de incendios forestais.

Anexo II

Relación de especies de frondosas
 Ameneiro: *Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.
 Arce: *Acer pseudoplatanus* L.
 Bidueiro: *Betula* sp.
 Freixo: *Fraxinus* sp.
 Castiñeiro: *Castanea sativa* Mill.
 Castiñeiro híbrido: *Castanea x híbrida*
 Cereixo: *Prunus avium* L.
 Carballo: *Quercus robur* L.
 Cerquiño: *Quercus pyrenaica* Will.
 Sobreira: *Quercus suber* L.
 Carballo albar: *Quercus petraea* (Matts) Liebl.
 Aciñeira: *Quercus ilex*
 Abeleira: *Corylus avellana* L.
 Faia: *Fagus sylvatica* L.
 Umeiro: *Ulmus glabra*

Loureiro: *Laurus nobilis* L.

Sorbeira de monte: *Sorbus aria* L.

Serbal dos cazadores: *Sorbus aucuparia* L.

Nogueira: *Juglans regia* L.

Érbedo: *Arbutus unedo* L.

Disposición transitoria

As plantacións forestais existentes á entrada en vigor desta ordenanza que, como consecuencia da súa aplicación, atopáranse a unha distancia menor á regulada no seu artigo 7, dispondrán dun período máximo de dous anos para adaptarse á citada disposición, agás autorización do órgano competente da Xunta de Galicia en materia forestal.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas as disposicións municipais que contraveñan o disposto na presente ordenanza.

Disposición derradeira

Esta ordenanza entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

Carballeda de Avia, 18 de xaneiro de 2021. O alcalde.

Asdo.: Luis Milia Méndez.

El Pleno de este ayuntamiento, en la sesión ordinaria que tuvo lugar el día 25 de diciembre de 2020, aprobó la Ordenanza Municipal Reguladora de la Gestión de Biomasa y Distancias de las Plantaciones para la Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales de este ayuntamiento. Una vez aprobada definitivamente dicha ordenanza, de conformidad con lo dispuesto en el art. 49 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, se hace público el citado acuerdo y el texto íntegro de dicha ordenanza.

“Aprobación inicial de la Ordenanza Municipal Reguladora de la Gestión de la Biomasa y Distancias de las Plantaciones del Ayuntamiento

El concejal delegado de Prevención y Extinción de Incendios, González Doval, informa a los asistentes acerca de la ordenanza a que se refiere el epígrafe, hay una ley de Galicia que establece las distancias y condiciones de las plantaciones, y los responsables son los titulares o usuarios de las fincas afectadas, que tienen que mantenerlos limpios, y los trabajos de limpieza tienen que estar rematados antes del 31 de mayo de cada año.

Hay fincas privadas colindantes que se rigen por el Código civil.

Son responsables los titulares de fincas incluidas en suelo urbano, urbanizable, delimitado o de núcleo rural; la finalidad de esta ordenanza es disuadir a los vecinos para que no cometan infracciones.

Por no haber intervenciones, el Pleno por unanimidad acuerda aprobar inicialmente la Ordenanza Municipal Reguladora de la Gestión de la Biomasa y Distancias de las Plantaciones del Ayuntamiento y exponerla al público durante el plazo de un mes. Dicha ordenanza quedará definitivamente aprobada en el caso de que no se presenten reclamaciones”

Ordenanza municipal reguladora de la gestión de la biomasa y distancias de las plantaciones para la prevención y defensa contra los incendios forestales del Ayuntamiento de Carballeda de Avia

Exposición de motivos

La gestión de la biomasa en las fajas secundarias se convirtió en un grave problema en los últimos años. Debido al abandono del rural, la consiguiente proliferación de la biomasa y al aumento de la virulencia de los incendios forestales; resulta más importante que nunca una correcta limpieza y gestión de la biomasa del núcleo urbano y alrededores, de las construcciones aisladas y de las carreteras municipales incluidas en las



fajas secundarias. Por todo esto, es necesario la aprobación de una ordenanza municipal que regule y proporcione herramientas para poder cumplir con el Plan municipal de prevención y defensa contra los incendios forestales del Ayuntamiento de Carballeda de Avia.

De conformidad con la potestad reglamentaria atribuida por los artículos 4.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora del régimen local y 6.1 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, Reguladora de la Administración Local de Galicia, el Ayuntamiento de Carballeda de Avia, por medio de esta ordenanza, propone la regulación de la gestión de la biomasa y de la distancia de las plantaciones en el suelo urbano, de núcleo rural y urbanizable delimitado, en el ámbito de sus competencias. Tiene como objetivo conseguir las adecuadas condiciones de salubridad y seguridad para prevenir y evitar los incendios, protegiendo de estos a las infraestructuras y equipamientos sociales, las zonas edificadas y a las áreas forestales y naturales de valor especial.

Capítulo I.- Disposiciones generales

Artículo 1.- Fundamento

Esta ordenanza es de aplicación en el marco de lo dispuesto en la Ley 7/2012, de 28 de junio, de Montes de Galicia; en la Ley 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra los Incendios Forestales de Galicia; en la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de Ordenación Urbanística e Protección del Medio Rural de Galicia; en el Decreto 28/1999, por el que se aprueba el Reglamento de Disciplina Urbanística y en la de la Ley 8/2013, de 28 de junio, de carreteras de Galicia.

Artículo 2.- Finalidad

Esta ordenanza tiene naturaleza no fiscal, y su finalidad es establecer las condiciones para llevar adelante la gestión de la biomasa, la fijación de las distancias para plantaciones en los terrenos clasificados como urbanos, de núcleo rural o urbanizables y para la protección del dominio público vial en el término municipal de Carballeda de Avia.

Artículo 3.- Ámbito de aplicación

